

- 43320 (12/POC-006636)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre o Código Trauma Grave, protocolo presentado pola Consellería de Sanidade para mellorar a atención urxente aos pacientes cun traumatismo de carácter grave

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43322 (12/POC-006637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para incentivar a cobertura de prazas de persoal sanitario nos hospitais comarcais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43324 (12/POC-006638)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre o balance das medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia para o seguimento e o control das incapacidades temporais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo do Mesa do Parlamento, do 29 de decembro de 2025, de resolución do proceso selectivo para ingresar en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocado por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024

Mediante un acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xuño de 2024 anúnciase o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e apróbanse as bases reguladoras (DOG núm. 174, do 24 de xullo de 2024).

O tribunal cualificador, na súa sesión do 16 de decembro de 2025, acordou publicar a proposta definitiva das persoas seleccionadas coas cualificacións obtidas en cada unha das fases do proceso selectivo e proporlle á Mesa do Parlamento a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Cristina Corral Campello, Silvia Martínez González, Lorena Ulfe Rodeiro e Paula Masaguer Torres como persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.4 das bases do antedito procedemento, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do 29 de decembro de 2025, adoptou o seguinte ACORDO:



1º. Finalizar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en catro prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e aprobar o seu resultado a favor de Cristina Corral Campello, Silvia Martínez González, Lorena Ulfe Rodeiro e Paula Masaguer Torres como persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia.

2º. Notificarlles este acordo a Cristina Corral Campello, Silvia Martínez González, Lorena Ulfe Rodeiro e Paula Masaguer Torres, as cales, de conformidade coa base oitava, dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para presentaren a documentación prevista na citada base.

3º. Constituír, consonte o disposto na base décima da convocatoria, unha lista de espera para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino, coas persoas que superaron os dous primeiros exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, con expresión da suma da puntuación acadada neles.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

5º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

